

PROXECTO

LINGÜÍSTICO DE CENTRO

IES MURALLA ROMANA

ÍNDICE

- **Introducción**
- **Integración de linguas e contidos**
- **Autoavaliación**
- **Propostas de mellora**
- **Plan de lectura e biblioteca**
- **Avaliación de diagnóstico**
- **Principios metodolóxicos**
- **Plan de normalización lingüística**
- **Linguas empregadas nas materias de ESO, BAC e Módulos profesionais**
- **Bibliografía**

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

1. INTRODUCCIÓN

Todo o que se propón neste proxecto responde ás prácticas habituais da maioría dos docentes e o que lle dá un pulo de novidade é que se presenta organizado e contén estratexias que serven para o desenvolvemento da competencia lingüística en tódas as áreas e niveis da ESO e Bacharelato. Sabemos que ningunha materia, en ningunha etapa e en ningún nivel, é allea ao uso da lingua para o ensino e a aprendizaxe. A linguaxe permite a interacción e a construción do coñecemento, ademais de ser o medio máis potente de organización do pensamento (Habermas). Unha persoa debe saber actuar de forma efectiva nos distintos contextos nos que se vai atopar ao longo da súa vida. A competencia lingüística é fundamental para o crecemento persoal e social do individuo, é unha peza clave na construción do coñecemento, na interpretación da información e na aprendizaxe de calquera materia. Resulta incomprendible concibir unha formación educativa na que a lingua, oral ou escrita, non sexa un eixo instrumental de primeira necesidade. Por iso parece axeitado propoñer para o PLC unha proposta discursiva dos programas de lingua, observando as situacións e tarefas comunicativas que as distintas materias propoñen ao alumnado. Este PLC debe recoller as decisións que adopte o centro para a educación lingüística do alumnado, incluíndo unhas decisións macro (convivencia das linguas no centro escolar e nos programas educativos; decisións sobre as linguas maternas dos estudantes e sobre as linguas ambientais; determinacións respecto da avaliación da competencia en comunicación lingüística do alumnado e decisións metodolóxicas xerais respecto do ensino e aprendizaxe das linguas) e unhas decisións micro (relacionadas coas normas respecto do ensino das linguas usadas na escolarización, as linguas estranxeiras e o discurso no resto das materias e áreas do sistema educativo).

Para levar a cabo o seu labor, o Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) deberá centrarse en catro grandes ámbitos de actuación. En primeiro lugar, propoñer un proxecto de programación integrado das linguas; en segundo lugar, defender a integración curricular entre as áreas lingüísticas e as áreas non-lingüísticas, tanto na lingua de escolarización como en linguas estranxeiras; en terceiro lugar, dar resposta á diversidade lingüística presente no centro tanto a través da presenza de alumnado que fale linguas diferentes ás linguas de escolarización como a través das distintas capacidades comunicativas presentes nos centros; e para rematar, o PLC debe recoller a proposta de mellora do Centro ante os resultados das avaliacións e das probas de diagnóstico. Cada unha destas catro actuacións xa se fan e atenden ás necesidades presentes no Centro, e o que pretende o PLC é plasmar por escrito a organización e o compromiso con estas actuacións para contribuír a unha educación lingüística de calidade para todo o alumnado.

Este proxecto deberá ser consensuado polo profesorado, e o reto consiste en xuntar os esforzos da maior parte dos membros do claustro para mellorar a competencia lingüística dos nosos alumnos. Os Departamentos de Lingua deben asumir o liderazgo

pedagógico e propoñer estratexias conceptuais e metodolóxicas para a educación lingüística, o que implica unha posta en común sobre o método de traballo.

No proxecto lingüístico de centro hai que incluír: o curriculum integrado de linguas; integración de linguas e contidos; atención á diversidade; mellora das competencias para as probas de diagnose e metodoloxía.

2. INTEGRACIÓN DE LINGUAS E CONTIDOS

Ler e escribir, falar, escoitar e interactuar son accións que se usan para adquirir e amosar aprendizaxes científicas, técnicas, humanistas, artísticas e da vida cotiá. *Coñecer* a técnica de escribir apréndese nun principio nas clases de lingua; *dominar* a técnica de produción e interpretación de textos require do compromiso do resto das áreas curriculares. Ensinar a escribir ou a falar con propiedade, claridade e corrección non é responsabilidade exclusiva dos profesores de lingua. A adquisición da competencia lingüística require dunha actuación transversal e debería estar presente en tódalas programacións curriculares das áreas docentes. Adquirir esta conciencia lingüística supón que tódos os departamentos deberían incluír nos seus criterios de avaliación a corrección lingüística (ortografía, vocabulario apropiado, evitar repeticións ou recheos, concordancias, formas verbais...), a presentación dos escritos (caligrafía, pulcritude, limpeza, marxes, separación entre parágrafos) e a mellora das habilidades básicas (comprensión de textos orais, escritos, audiovisuais e discursivos) nos que se trata de identificar o senso ou idea principal, a finalidade comunicativa e as intencións do falante ou escritor.

Por outra banda, é preciso manifestar que o proceso de integración das linguas e os seus contidos non se limita ao ensino das linguas de escolarización (galego, castelán) como linguas vehiculares, senón que tamén abrangue o uso das linguas adicionais. A experiencia dos centros bilingües avala o uso das linguas estranxeiras para o ensino de áreas curriculares. Este modelo de ensino integrado consegue un maior desenvolvemento da competencia comunicativa na lingua estranxeira e uns mellores resultados na aprendizaxe dos contidos das materias

A integración da aprendizaxe das linguas nas áreas lingüísticas e non lingüísticas significa que nas primeiras o profesorado asume como material de traballo o discurso académico e os textos das restantes materias e áreas de coñecemento, tanto na perspectiva da produción-recepción como na reflexión metalingüística. Nas áreas non lingüísticas, o profesorado debe ser sensible e reflexivo co seu propio discurso (no caso que requira axuda do profesor especialista en linguas, esta debe ser sempre atenta e xenerosa), e, a partir de aí, debería propoñer aos seus alumnos tarefas que lles axude a dominar a linguaxe propia da súa materia ou área de coñecemento, insistindo moito no léxico especializado e nas interaccións propias da súa materia coas experiencias da vida.

3. AUTOAVALIACIÓN

A autoavaliación pretende mellorar a funcionalidade dos procesos de ensinanza-aprendizaxe que inciden na mellora da competencia lingüística. O PLC debe presentar un protocolo de autoavaliación no que se recollan, entre outros aspectos, os resultados

dos procesos relativos á integración de linguas e contidos así como as estratexias e adecuacións que debe realizar o profesorado das materias non lingüísticas e as reflexións sobre o traballo dos profesores das materias lingüísticas en relación cos textos académicos. A partir dos datos, obtidos é preciso facer unha reflexión crítica sobre o que hai que mellorar e corrixir e no que hai que insistir. Os datos dos que se parte atópanse nas avaliacións formativas, nas cualificacións dos alumnos, nas informacións adicionais ofrecidas polos profesores, as familias e outros axentes e na avaliación de diagnóstico

No caso do noso centro, unha autoavaliación podería moi ben rexistrar unha serie de carencias e problemas aos que habería que irle dando solución pouco a pouco. Estes problemas non estarían moi afastados das seguintes apreciacións :

- Non hai coordinación entre as distintas áreas do coñecemento e as lingüísticas.
- As reflexións sobre a lingua queda relegada ás clases de lingua
- Non hai equilibrio entre as linguas que se empregan
- Non hai un programa de mínimos coordinado para tódas as linguas
- Seguen sen buscarse criterios, materiais e didácticas compatibles.
- Non se empregan, na cantidade debida, textos que teñan unha maior relación coa situación real do alumno
- Hai pouca comunicación interdepartamental e interdisciplinar.
- Cada lingua prográmase dun xeito independente como se o desenvolvemento da competencia comunicativa nunha lingua non contribuíra ao fomento de estratexias e destrezas noutras.

4. PROPOSTAS DE MELLORA

4.1 Mellora das habilidades básicas. Comprensión oral e escrita.

Tódos os departamentos deberían incluír entre os seus criterios de ensinanza e aprendizaxe a corrección lingüística. Esta corrección lingüística abrangue os seguintes aspectos: respecto polas normas ortográficas, polo uso apropiado do léxico e das normas gramaticais no discurso oral e escrito e presentación limpa e ordenada dos escritos.

Na comprensión de textos orais haberá que ter en conta a natureza do texto que se escoita e distinguir nel a motivación, as intencións implícitas, as ideas principais, as secundarias e a finalidade comunicativa.

Na comprensión de textos escritos parece necesario prestar atención principalmente á interpretación e reflexión sobre o seu contido e valoración sobre a forma e a estrutura.

Os tipos de texto obxecto de traballo serán moi variados: irán dende os narrativos ou descritivos ata as táboas ou anuncios, pasando polos persuasivos, diagramas e gráficos

4.2 Mellora das habilidades básicas. Expresión oral e escrita

Unha das condicións imprescindibles para que a expresión oral poida levarse a cabo e que os participantes saiban escoitarse. A partir de aquí, buscarase potenciar a participación oral dos alumnos con todo tipo de textos, a ser posible que estean relacionados na súa maior parte con temas da realidade e que requiran reflexión e sensibilidade sobre o que se fala.

Tódos os departamentos deberían comprometerse na mellora da redacción escrita dos alumnos. Os profesores das distintas materias aportarán unha gran axuda a mellorar a competencia lingüística dos seus alumnos se, ademais de prestarlle atención aos contidos propios da súa materia, preocúpanse de que aprendan as técnicas de composición que require calque tipo de escrito: planificación, textualización e revisión.

O clima de empatía que o profesor sexa capaz de crear na súa clase será decisivo para favorecer a integración e valoración das linguas e da cultura propia que vai detrás de cada unha delas.

5. PLAN DE LECTURA E BIBLIOTECA

A lectura é a actividade máis potente para conseguir unha alta competencia lingüística. Construír un hábito lector non é fácil senón ven xa acuñado nos costumes do alumno a través da súa familia, do seu contorno e dos primeiros anos de escolarización. Nas nosas propostas lectoras temos que atopar un equilibrio entre a imposición dunha lectura e a invitación a ela. O reto está en atopar o texto adecuado para o nivel educativo e o grado de madurez do alumno e, a través del, saber persuadilo das vantaxes e beneficios que proporciona a afección a ler. É obvio que hai materias nas que é máis fácil que en outras atopar lecturas que gustan máis, e a ninguén se lle escapa que hai que estar moi atento en non saturar ao alumno cun número de lecturas que no pode abranguer.

A biblioteca é o lugar onde se desenvolven as actividades de animación á lectura. Relacionado con este espazo creouse no curso pasado o Club de Lectura que desenvolve actividades de promoción en animación lectoras cun número de alumnos cada vez mais numeroso. É a biblioteca o lugar onde se poderán consultar as fontes de información para a elaboración de traballos, onde se arquivan os libros de lectura que se solicitan como préstamo e onde se pode estudar e preparar todo tipo de probas. Para o seu funcionamento o centro ten nomeado un profesor encargado de coordinar e xestionar este servizo xunto cuns profesores de garda que atenden a demanda de préstamos e catalogacións de material.

6. AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

Os resultados da avaliación de diagnóstico colocan ao noso centro nunha posición determinada, que se concreta nas puntuacións obtidas nas competencias de comunicación lingüística e matemática do alumnado en cinco niveis. Estas puntuacións están relacionadas co Índice Socioeconómico e Cultural dos alumnos (ISEC) de cada

centro, que defire substancialmente duns centro a outros e ten unha notable repercusión nos resultados da avaliación.

Segundo os datos que se recollen no documento da última avaliación de diagnóstico, nas que aparecen as puntuacións obtidas polos alumnos do primeiro ciclo da ESO, indican que é preciso levar a cabo, cando menos, as seguintes actuacións didácticas:

- Presentar actividades que teñan algunha posibilidade de ser postas en relación coa vida real do alumno.
- Insistir en que os alumnos saiban diferenciar o importante do anecdótico.
- Reiterar que calquera información que se reciba ou transmita debe responder a un esquema.
- Traballar de xeito reiterado nas actividades de síntese.
- Proponer actividades nas que se analicen as relacións de causa-efecto, de contraste e de explicación-exemplificación.
- Rexeitar calquera opinión que non estea avaliada por argumentos.
- Demostrar que hai comunicacións que tras o sentido literal esconden significados mais fondos.
- Ensinar a buscar e seleccionar a información e organizala de tal modo que permita chegar a algunha conclusión.

Todas estas actuacións están orientadas a crear unhas situacións de aprendizaxe que esixen o esforzo de produción e comprensión, de coordinación, de proposta de tarefas integradas, de respecto ao bilingüismo, sen esquecer a importancia da familia e do contorno do alumno

7. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os profesores de lingua deberían acordar un programa común de mínimos para tódas as linguas, xuntar criterios, materiais didácticos, acordar de que principios parten e, a partir de aí, evitar diferentes didácticas que compliquen o natural desenvolvemento da competencia lingüística do alumno. A realidade parece invitarnos a que é necesario adoptar un enfoque común baseado no uso da lingua e na reflexión sobre o seu uso para que o falante adquira a necesaria soltura plurilingüe e unha maior autonomía como usuario de varias linguas.

Entendemos que os ámbitos de reflexión lingüística (semánticos, textuais, pragmáticos, etc) son comúns a tódas as linguas, aínda que, como ben sabemos, cada unha posúe as súas realizacións específicas. Tendo presente esta realidade, non parece desatinado negociar e convir o obxecto, proceso e perspectivas de aprendizaxe de tódas as linguas. Neste camiñar longo e paciente, os profesores de lingua deben insistir unha e outra vez que as reflexións e coñecementos adquiridos nunha lingua contribúen á aprendizaxe, autonomía e competencia do alumno non só nesa lingua senón tamén nas outras.

Outro aspecto a ter moi presente é que tódos os profesores deberían ser moi coidadosos no uso correcto do idioma en todo momento, e moi especialmente diante dos seus alumnos. O alumno ve no profesor un modelo de lingua, e este debe prestar a

debida atención ao uso e ás actitudes que mantén cara a ela. Non se trata de ser brillantes oradores, pero si atentos transmisores de estímulos e coñecementos que deben ser formulados coa debida propiedade, claridade e corrección.

8. PLAN DE NORMALIZACION LINGÜÍSTICA

O Plan de Normalización Lingüística recollerá todo o concerniente ao uso das linguas vehiculares do centro. Este plan responde a unha normativa da Comunidade Autónoma e a coordinación do seu desenvolvemento corre a cargo do Equipo de normalización lingüística. Este plan presenta o uso da lingua nos seguintes ámbitos: ámbito administrativo e social (comprende todas as relacións do centro coa Administración educativa e os seus aspectos burocráticos); ámbito educativo e de xestión pedagóxica (comprende todos os usos orais e escritos da lingua producidos coa finalidade de ordenar a planificación e a xestión pedagóxica); ámbito de interacción didáctica (comprende as relacións interpersoais que se establecen na comunicación educativa); ámbito de interrelación co contorno sociofamiliar (abrange as relacións entre a sociedade e o centro escolar)

8.1 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O equipo de Dinamización Lingüística do IES A Muralla Romana de Lugo, está constituído por un presidente nomeado pola Directora entre os profesores do centro, dous profesores, tres alumnos e un representante do persoal non docente, que se relacionan a seguir:

Coordinadora: M^a Xesús Adán López

Profesores: M^a Cruz López Cela
Vicente Martínez de Cestafe Ochoa de Eribe

Alumnos: Daniel Fernández López 2º B- BAC
Brais Lence Rois 2º B-BAC
Vitoria Filgueiras Basanta 1º B- ESO
Miriam Piñeiro Lourés 1º B –ESO
Pablo Fernández López 1º A ESO

Persoal non docente: Dolores Fernández Folgueira

8.2 CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

Malia a estar ubicados no barrio de “A Piringalla” a procedencia dos alumnos correspóndese con outras zonas próximas, Albeiros e Paradai para os alumnos de ESO e BAC, lugares periféricos, con familias humildes e abundante inmigración, por outro lado a procedencia dos alumnos de ciclos formativos é moi diversa pois recolle alumnado doutros centros, tanto da capital coma da provincia.

Constátase a nivel sociolingüístico un problema xeracional importante, avós que falan en galego (practicamente monolingües), fillos (diglósicos) e netos castelán-falantes debido á influencia diglósica dos seus proxenitores; por outra banda a incorporación de alumnado inmigrante complica a situación lingüística no sentido de que o docente carece de mecanismos para utilizar na aprendizaxe e mesmo tempo para adicar en exclusividade.

Cómpre destacar que contamos cun número reducido de alumnos de procedencia rural, en BAC e CICLOS FORMATIVOS que empregan a lingua galega de xeito cotián.

En conclusión podemos dicir que estamos enmarañados nunha situación sociolingüística complexa na que se manifesta frecuentemente o factor diglósico predominando o monolingüismo en castelán.

8.3 SITUACIÓN DO PROFESORADO

A maioría do profesorado coñece pero non utiliza a lingua galega nas aulas, aínda que no ámbito oral, fóra do eido estritamente docente- sala de profesores, cafetería...- utilízase con normalidade. A medida que a idade é maior, existe máis reticencia a adaptarse a unha “nova” lingua na aula.

A maior parte son de orixe galega, danse moi poucos casos de profesores foráneos e nos máis dos casos son de localidades limítrofes como Asturias ou León.

O claustro de profesores está formado por un cadro de persoal **de 92 profesores** para o presente curso, que empregan a lingua galega, na súa docencia, arredor dun 50% en ESO e BAC, baixando esta porcentaxe a un 25 % en CICLOS FORMATIVOS, precisamente por atoparse coa dificultade de non contar con material, fundamentalmente bibliográfico, en lingua galega, pois a maior parte das editoriais non ofrecen esta posibilidade.

Destacar a especial colaboración dos profesores, co Equipo de Normalización e Dinamización de Lingüística, de Informática.

8.4 SITUACIÓN DO ALUMNADO

O IES Muralla Romana conta cun total de 848 alumnos de ESO, BAC e CICLOS e o **Equipo de Dinamización Lingüística** colabora dunha forma especial co alumnado da ESO e de BAC, aínda que este curso tentaremos implicar dunha forma directa ós ciclos formativos. O alumnado distribúese da seguinte forma:

ESO.....	139
BAC.....	53
CICLOS	
INFORMÁTICA.....	244
CICLOS	DE
ADMINISTRACIÓN.....	273
CICLOS	DE
	IMAXE
PERSONAL.....	139

DICIR QUE COLABORAN COA CREACIÓN DE TRABALLOS PARA A REVISTA UNHA PARTE IMPORTANTE DOS 848 ALUMNOS DO CENTRO.

O número total do alumnado varía con respecto ao mes de outubro (827 alumnos matriculados) debido a baixas e novas escolarizacións así como a traslados de expedientes.

Temos que considerar a ubicación do centro, no arrabalde de cidade, lugar de asentamento de numerosa poboación inmigrante, o que produce numerosos problemas de adaptación. Contamos con rapaces e rapazas de orixe chinesa, marroquí e hispanoamericana. Se a inmersión é dificultosa no social, maior é no educativo e no lingüístico. Neste aspecto consideramos que existen grandes deficiencias para INTEGRAR LINGÜISTICAMENTE a este tipo de alumnado .

Os rapaces da cidade que conforman o resto do alumnado proveñen de barrios que tradicionalmente utilizaban o galego no eido familiar e que agora substituíron polo castelán. A presenza de alumnos do ámbito rural é minoritaria e prodúcese, sobre todo, nalgúns Ciclos de FP.

8.5 SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

A nivel administrativo observamos que toda a documentación escrita está en galego agás algún pequeno comunicado no que se adoita empregar a lingua castelá; A materia pendente segue sendo a lingua oral que aínda que se fan verdadeiros esforzos para que a comunicación sexa en galego , na maioría das ocasións emprégase o castelán (agás nos claustros).

• OBXECTIVOS SECTOR SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

➤ medidas de apoio e reforzo para incentivar o uso da lingua propia:

1.- Achegamento da nosa lingua aos ámbitos académicos: contribuír a que a nosa lingua sexa un vehículo de comunicación normal en todos os ámbitos da vida académica do profesorado, alumnado e demais persoal.

2.- Participación do alumnado e profesorado en actividades de fomento da nosa lingua:

o emprego oral da nosa lingua é moi satisfactorio, pero o nivel de compromiso do alumnado e do profesorado non acadada os mesmos resultados.

3.- Achegamento da nosa lingua a todos os ámbitos sociais: ir máis aló do ámbito académico e, na medida das nosas posibilidades, potenciar o uso da nosa lingua en todos os ámbitos da nosa sociedade.

4.- Valoración positiva do uso da lingua propia: fomentarase, mediante información e explicación argumentada e científica, na comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente, familias) para vencer toda clase de prexuízos cara ao galego e potenciar actitudes favorables á galeguización na escola.

5.- Mellora da competencia lingüística: Asegurar a utilización oral e escrita da lingua galega por parte de todo o persoal escolar para que poida desenvolverse na nosa lingua e buscando a forma máis axeitada a cada situación comunicativa.

Para a consecución de tales obxectivos, propóñense as seguintes medidas:

- a) Velar para que as comunicacións e documentos do Centro se elaboren en lingua galega.
- b) Conseguir que a produción documental e informativa do Centro se faga completa e naturalmente en galego.
- c) Verificar o cumprimento da lexislación sobre o uso do idioma galego no tocante á Administración do centro, e se se dese o caso, localizar os atrancos que o dificulten para colaborar na súa superación.
- d) Implicación do Claustro neste tipo de actividades.
- e) Actividades extraescolares e complementarias que realcen e potencien o emprego da nosa lingua.
- f) Participación en feitos sociais que potencien a nosa lingua.
- g) Recuperar a nosa cultura e folclore tradicional.
- h) Asesorar á Comunidade Escolar para facilitar a incorporación plena do idioma galego ás actividades docentes, procurando a adquisición de material didáctico apropiado e en función das posibilidades orzamentarias.
- i) Levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego diversificada para os diferentes membros da comunidade educativa e que promova a análise crítica dos prexuízos existentes, tanto sobre a presenza escolar desta lingua coma sobre ela en xeral.

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES MURALLA ROMANA persegue como obxectivo fundamental a utilización do galego como lingua normal de uso a todos os niveis e en todas as situacións da actividades do centro.

plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega

<i>Obxectivos previstos</i>	<i>Actividades programadas para a súa consecución</i>
<i>OBXECTIVOS SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO</i>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Asesoramento, axuda e colaboración coa Administración e Dirección do centro</i> 	<p><i>Dispoñibilidade; Facilitar material de consulta: dicionarios e normas ortográficas e gramaticais, manuais de documentación administrativa.</i></p> <p><i>Compromiso da Dirección a poñer vontade para acadar este obxectivo.</i></p>
<i>OBXECTIVOS PROFESORADO</i>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Facilitar a autonomía do profesorado á hora de impartir clase en lingua galega e conseguir que o profesorado utilice material, en lingua galega, con toda normalidade.</i> 	<p><i>Dispoñibilidade. Colaborar cos profesores, que imparten clase en lingua galega, na corrección de textos ou asesoramento de material. Ao mesmo tempo compromiso do profesorado para tomar a iniciativa á hora de utilizar a lingua galega como vehicular.</i></p> <p><i>Adquisición de material bibliográfico, videográfico.</i></p>

<i>OBXECTIVOS ALUMNADO</i>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Promoción do uso do galego na creación literaria fomentando o uso da lingua galega, a creatividade e a capacidade expresiva dos rapaces</i> 	<i>Revista Latricadas.</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Estimulación ao alumnado para que empregue o galego non só na comunicación oral senón tamén nos distintos rexistros da comunicación escrita: textos informativos, cartas, artigos de opinión, creación narrativa, poética.....:</i> 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Colaborar con outras institucións externas ao centro, potenciando o uso da lingua galega noutros contextos comunicativos, para valorar as distintas manifestacións culturais que teñen como vehículo expresivo o galego</i> 	<i>Cultura no museo: Vivir no pasado. A romanización. pescudas de detective en San Paio. Unha firma medieval: un signo lapidario (Museo S. Paio). A arte galega.</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Aprender a ver e ensinar a interpretar as imaxes e os discursos audiovisuais en lingua galega</i> 	<i>Ciclo Cinema en Galego</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Manifestar o compromiso coa propia lingua mediante unha actividade lúdica</i> 	<i>Correlingua</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Achegar a figura e a obra de autores e autoras galegos vivos dende unha perspectiva máis humana para facilitar a mellor comprensión e, se cabe, a identificación con eses autores e coas súas respectivas producións en galego.</i> ▪ <i>Concienciar ó alumnado da cantidade de homes e mulleres –moitos deles mozos aínda- que están a desenvolver a súa creatividade en galego e do alto nivel de calidade que acadan. Facerlles ver que estes homes e mulleres escollen o galego para crear como unha opción persoal tan válida como outra calquera</i> ▪ <i>Fomentar a lectura de obras en galego.</i> 	<i>Falemos do Noso”. Actividades, levadas a cabo por persoal externo ao centro educativo, como talleres literarios, charlas...</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Axudar a interiorizar aos alumnos e alumnas unha realidade: o galego é unha lingua tan válida coma outra calquera para expresar todo tipo de ideas en calquera soporte material e facilitarlles este tipo de material para traballos de investigación,..</i> 	<i>Adquisición de material. Relatorios en lingua galega.</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Coñecer dun xeito máis lúdico que na aula, e como complemento a esta, a figura de escritores sobranceiros das nosas letras:</i> 	<i>Ruta Rosaliana, Celanova e Curros.</i>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Estudar a riqueza da fauna e da flora galega.</i> ▪ <i>Fomentar a interdisciplinaredade , a comunicación e a colaboración entre os departamentos:</i> 	<i>Visita ás Fragas do Eume e Mosteiro de Caaveiro. Contacontos, obradoiros.</i>

9. LINGUAS EMPREGADAS NAS MATERIAS DE ENSINO SECUNDARIO, BACHARELATO E NOS DISTINTOS MÓDULOS PROFESIONAIS.

9.1 ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA

PRIMEIRO

MATERIAS	IDIOMA/Nº SESIÓNS			
	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	FRANCÉS
Ciencias da natureza	4			
Ciencias sociais, xeografía e historia	3			
Educación Física	2			
Lingua galega e literatura	4			
Lingua castelá e literatura		4		
Primeira lingua estranxeira - Inglés			3	
Matemáticas		4		
Educación plástica e visual		2		
Segunda lingua estranxeira - Francés				2
Proxecto interdisciplinar		1		
Relixión / Aces		2		
	13	13		

SEGUNDO

MATERIAS	IDIOMA/Nº SESIÓNS			
	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	FRANCÉS
Ciencias da natureza	3			
Ciencias sociais, xeografía e historia	3			
Educación Física	2			
Educación para a cidadanía e dereitos humanos	2			
Lingua galega e literatura	3			
Lingua castelá e literatura		3		
Primeira lingua estranxeira - Inglés			3	
Matemáticas		4		
Música		2		
Tecnoloxía		3		
Segunda lingua estranxeira - Francés				2
Relixión / Aces		1		
	13	13		

TERCEIRO

MATERIAS	IDIOMA/Nº SESIÓNS			
	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	FRANCÉS
Bioloxía e Xeoloxía	2			
Ciencias sociais, xeografía e historia	3			
Educación Física	2			
Educación Plástica e Visual	2			
Física e Química		2		
Lingua Galega e Literatura	3			
Lingua Castelá e Literatura		3		
Primeira Lingua estranxeira			3	
Matemáticas		4		
Música		2		
Tecnoloxía		2		
Segunda lingua estranxeira	Elixir unha			2
Cultura Clásica	2			
Relixión / Aces		1		
	14	14		

CUARTO

MATERIAS	IDIOMA/Nº SESIÓNS			
	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	FRANCÉS
Bioloxía e Xeoloxía	3			
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3			
Educación Física	2			
Educación ético –cívica	2			
Educación plástica e visual		3		
Física e Química		3		
Informática	3			
Latín	3			
Lingua galega e literatura	3			
Lingua castelá e literatura		3		
Primeira lingua estranxeira			3	
Segunda lingua estranxeira				3
Matemáticas		3		
Música		3		
Tecnoloxía		3		
Relixión / Aces		1		
	19	19		

9.2 BACHARELATO: CIENCIAS E TECNOLOXÍA

PRIMEIRO

MATERIAS	IDIOMA/Nº SESIÓNS			
	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	FRANCÉS
Ciencias para o mundo contemporáneo	2			
Educación Física	2			
Filosofía e cidadanía	2			
Lingua galega e literatura I	3			
Lingua castelá e literatura I		3		
Lingua estranxeira I			3	
Relixión / Acces		1		
Física e Química – Obrigatoria Claustro		4		
Matemáticas - Obrigatoria		4		
Bioloxía e Xeoloxía	4	}		
Debuxo Técnico	4			
Segunda lingua estranxeira				4
Música I		4		
Tecnoloxías da información e comunicación	4			
	17	16		

SEGUNDO

MATERIAS	IDIOMA/Nº SESIÓNS			
	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	FRANCÉS
Historia de España	3			
Historia da filosofía	3			
Lingua galega e literatura II	3			
Lingua castelá e literatura II		3		
Lingua estranxeira II			3	
Relixión / Aces		1		
Bioloxía	4			
Ciencias da terra e mediambientais	4			
Debuxo Técnico II		4		
Física		4		
Matemáticas II - Obrigatoria		4		
Química		4		
Métodos estatísticos e numéricos		4		
Ciencias da Terra	4			
2ª lingua estranxeira				4
	21	24		

BACHARELATO: HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

PRIMEIRO

MATERIAS	IDIOMA/Nº SESIÓNS			
	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	FRANCÉS
Ciencias para o mundo contemporáneo	2			
Educación Física	2			
Filosofía e cidadanía	2			
Lingua galega e literatura I	3			
Lingua castelá e literatura I		3		
Lingua estranxeira I			3	
Relixión / Acces		1		
Historia para o mundo contemporáneo - Obligatoria	4			
Latín I	Itinerario A	4		
Grego I		4		
Matem. aplicadas ás CCSS I	Itinerario B		4	
Economía		4		
Segunda lingua estranxeira				4
Música I		4		
Tecnoloxía da información e comunicación		4		
	21/17	16		

SEGUNDO

MATERIAS	IDIOMA/Nº SESIÓNS			
	GALEG O	CASTELÁ N	INGLÉ S	FRANCÉ S
Historia de España	3			
Historia da filosofía	3			
Lingua galega e literatura II	3			
Lingua castelá e literatura II		3		
Lingua estranxeira II			3	
Relixión / Aces		1		
Xeografía – Obligatoria	4			
Literatura Universal		4		
Latín II	4			
Grego II	4			
Economía de empresa	4			
Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II		4		
Métodos estadísticos e numéricos		4		
Historia da Arte	4			
Literatura Universal		4		
	25/21	12/20		

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

9.3 MÓDULOS PROFESIONAIS

CICLO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA

PRIMEIRO CURSO

MÓDULOS	IDIOMA/Nº SESIÓNS	
	GALEGO	CASTE LÁN
TRATAMENTO INFORMÁTICO DA INFORMACIÓN 10 UF: ofimática (6 ses.) UF: Operat. De teclados e Multimedia	6	4
TÉCNICA CONTABLE 5	5	
OPERACIONS ADMINISTRAT. COMPRAVENDA 5		5
OPERACIONS AUXILIARES DE TESOURERÍA 6		6

CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

PRIMEIRO

MÓDULOS	IDIOMA/Nº SESIÓNS	
	GALEGO	CASTELÁN
Aplicacións informáticas e operatoria de teclados	9	
Contabilidade e fiscalidade	10	
Recursos humanos		6
Xestión de aprovisionamento		4
Xestión financeira		7

SEGUNDO

MÓDULOS	IDIOMA/Nº SESIÓNS	
	GALEGO	CASTELÁN
Administración pública		4
Auditoría		3
Produtos e servizos financeiros e de seguros		5
Proxecto empresarial	9	
Proxecto integrado	6	
Xestión comercial e servizo de atención ao cliente		4

CICLO SUPERIOR DE SECRETARIADO

MÓDULOS	IDIOMA/Nº SESIÓNS	
	GALEGO	CASTELÁN
Comunicación e relacións profesionais		3
Elaboración e presentación de documentos e información	7	
Elementos de dereito		2
Inglés		5
Francés		5
Organización do servizo e traballos de secretariado	4	
Proxecto integrado		3
Xestión de datos	5	

CM Técnico en Sistemas Microinformáticos e Redes

SIMIRE

Módulo	Horas	Horas Galego	Especialidade
MP0221. Montaxe e mantemento de equipamentos.	240	240	SAI
MP0222. Sistemas operativos monoposto.	160	160	SAI
MP0223. Aplicacións ofimáticas.	240		SAI
MP0225. Redes locais.	213		Informática
MP0224. Sistemas operativos en rede.	157	157	SAI
MP0226. Seguridade informática.	140	140	Informática
MP0227. Servizos en rede.	157		Informática
MP0228. Aplicacións web.	123		Informática
	1430	697	

CS Administración de Sistemas Informáticos en Rede

ADSIINRE

Módulo	Horas	Horas Galego	Especialidade
MP0369. Implantación de sistemas operativos	213	213	SAI
MP0370. Planificación e administración de redes	213		Informática
MP0371. Fundamentos de hardware	107	107	SAI
MP0372. Xestión de Bases de datos	187		Informática
MP0373. Linguaxe de marcas e sistemas de xestión de información	133	133	Informática
MP0374. Administración de sistemas operativos	140		SAI
MP0375. Servizos de rede e internet.	140	140	Informática
MP0376. Implantación de aplicacións web.	122	122	Informática
MP0377. Administración de sistemas xestores de bases de datos.	70		Informática
MP0378. Seguridade e alta dispoñibilidade	105		Informática
	1430	715	

CS Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma

DAM

Módulo	Horas	Horas Galego	Especialidade
MP0483. Sistemas informáticos	186	186	SAI
MP0484. Bases de datos	187	187	Informática
MP0485. Programación	240		Informática
MP0373. Linguaxe de marcas e sistemas de xestión de información	133	133	Informática
MP0487. Contornos de desenvolvemento	107		Informática
MP0486. Acceso a datos	157		Informática
MP0488. Desenvolvemento de interfaces	140	140	SAI
MP0489. Programación multimedia e dispositivos móbiles	123		Informática
MP0490. Programación de servizos e procesos	70		Informática
MP0491. Sistemas de xestión empresarial	87		SAI
	1430	646	

CS Desenvolvemento de Aplicacións Web

DAW

Módulo	Horas	Horas Galego	Especialidade
MP0483. Sistemas informáticos	186	186	SAI
MP0484. Bases de datos	187	187	Informática
MP0485. Programación	240		Informática
MP0373. Linguaxe de marcas e sistemas de xestión de información	133	133	Informática
MP0487. Contornos de desenvolvemento	107		Informática
MP0612. Desenvolvemento web en entorno cliente	157		SAI
MP0613. Desenvolvemento web en entorno servidor	175	175	Informática
MP0614. Despregue de aplicacións web	88		Informática
MP0615. Deseño de interfaces web	157		SAI
	1430	681	

DEPARTAMENTO DE IMAXE PERSOAL

Relación de módulos que se están a impartir en GALEGO:

CF	MÓDULOS	HORAS/SEMANA
CM ESTÉTICA PERSOAL DECORATIVA	ESCULTURA DE UNLLAS E ESTÉTICA DE MANS E PÉS	4
	ANATOMÍA E FISIOLOXÍA HUMANAS BÁSICAS	4
	COSMETOLOXÍA APLICADA Á ESTÉTICA DECORATIVA	5
	MAQUILLAXE	8
21 HORAS		
CM PERRUCARÍA	DIRECCIÓN TÉCNICO- ARTÍSTICA	6
	HIXIENE, DESINFECCIÓN E ESTERILIZACIÓN APLICADAS Á PERRUCARÍA	3
	CAMBIOS DE COR NO CABELO	10
	CORTE DE CABELO E TÉCNICAS COMPLEMENTARIAS	10
29 HORAS		
CS ESTÉTICA	ELECTROESTÉTICA	5
	DEPILACIÓN	7
	MASAXE	11
	DIAGNÓSTICO E PROTOCOLO DE PROCESOS DE ESTÉTICA INTEGRAL	8
31 HORAS		

Relación de módulos que están a impartir en CASTELÁN:

CF	MÓDULOS	HORAS/SEMANA
CM ESTÉTICA PERSOAL DECORATIVA	• TÉCNICAS DE HIXIENE FACIAL E CORPORAL.	4
	• DEPILACIÓN.	3
	• PROMOCIÓN E VENDA DE PRODUTOS.	3
10 HORAS		
CM PERRUCARÍA	• ANATOMÍA E FISIOLOXÍA.	4
	• COSMETOLOXÍA APLICADA.	6
	• TRATAMENTOS CAPILARES.	6
	• PEITEADOS, ACABADOS...	6
	• CAMBIOS DE FORMA.	8
	• TÉCNICAS BÁSICAS DE MANICURA...	8
		3

35 HORAS		
CS ESTÉTICA	<ul style="list-style-type: none"> • ANATOMÍA, FISIOLOXÍA E PATOLOXÍA... • ESTÉTICA HIDROTERMAL. • COSMETOLOXÍA... • PROXECTO INTEGRADO. • TÉCNICAS PREVIAS... • MICROIMPLANTACIÓN DE PIGMENTOS. 	6 6 7 5 6 5
35 HORAS		

PROXECTO LINGÜÍSTICO - MÓDULOS DEPARTAMENTO DE FOL

CICLOS DPTO. IMAXE PERSOAL (EN GALEGO 8H/S E EN CASTELÁN 9H/S)

CICLO DE G.M. DE PERRUQUERÍA 2º CURSO

3 H/S DE FOL = GALEGO

4 H/S DE ADXCPE = CASTELÁN

CICLO DE G.S. DE ESTÉTICA 1º CURSO

2 H/S DE FOL =GALEGO

3 H/S DE ADXCPE = CASTELÁN

CICLO MODULAR DE G.M. DE ESTÉTICA PERSOAL E DECORATIVA.

2 H/S DE FOL = CASTELÁN

3 H/S DE ADXCPE = GALEGO

CICLOS DPTO. DE ADMINISTRATIVO (EN GALEGO 7H/S E EN CASTELÁN 8 H/S)

CICLO DE G.S. DE SECRETARIADO

2 H/S DE FOL = GALEGO

CICLO DE G.M. DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA 1º CURSO

4H/S DE FOL = CASTELÁN

CICLO MODULAR DE G.M. DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA

4H/S DE FOL = CASTELÁN

CICLO DE G.S. DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS 2º CURSO

3 H/S DE FOL = GALEGO

CICLO MODULAR DE G.S. DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

2 H/S DE FOL = GALEGO

CICLOS DPTO. DE INFORMÁTICA (EN GALEGO 14 H/S E EN CASTELÁN 15H/S)

CICLO DE G.S. DE ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE

1º 4H. DE FOL = GALEGO

2º 3 H. DE EIE = CASTELÁN

CICLO MODULAR DE G.S. DE ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE

4H. DE FOL = GALEGO

2 H. DE EIE = CASTELÁN

CICLO DE G.S. DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS MULTIPLATAFORMA

1º 4H DE FOL = CASTELÁN

CICLO DE G.M. DE SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS e REDES

1º 4H DE FOL = GALEGO

2º 3H DE EIE = CASTELÁN

CICLO MODULAR DE G.M. DE SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS e REDES

2H DE EIE = GALEGO

CICLO DE G.S. DE DESENVOLVEMENTO DE APLICACIONES INFORMÁTICAS

2º 3H DE RET = CASTELÁN

BIBLIOGRAFÍA:

Teoría de la acción comunicativa. Jurgen Habermas

Para ser letrado. Daniel Cassany

El proyecto lingüístico de centro. Fernando Trujillo

El proyecto lingüístico de centro. Monserrat Ferrer Ripollés

El proyecto lingüístico de centro. Educantabria.tv